

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE SETEMBRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLE.-

LIC/570/2017.- MARÍA TERESA BOUZAS SIERRA.- Conceder licenza para rehabilitación de vivenda en planta primeira en rúa Aller Ulloa (de), 3 001.

DESFAVORABLE.-

LIC/953/2016.- LUIS PEÓN RAVIÑA.- Denegar a licenza para a legalización de marquesiña agrícola sita na rúa Foxeira (da), 5 Marrozos.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á solicitude de licenza para rehabilitación de vivenda en planta primeira en rúa Aller Ulloa (de), 3 001. LIC/570/2017. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á denegación da licenza para a legalización de marquesiña agrícola sita na rúa Foxeira (da), 5 Marrozos. LIC/953/2016. Apróbase a proposta

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ao inicio de resolución da concesión demanial sobre a porción leste da parcela EQ do Proxecto de Compensación do SUNP-4 CANCELAS. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación de addenda ao convenio subscrito polo Concello de Santiago, Augas de Galicia e Augas de las Cuencas de España para a execución de mellora na EDAR da Silvouta. Apróbase a addenda, na que se establece como orzamento estimado do investimento a cantidade de 3.720.000 euros, IVE excluído. Desda cifra, 2.606.386 euros proceden de fondos FEDER, 372.000 euros de Auga de Galicia, e 741.814 euros son achega do Concello.

6.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación cultural Cidade Vella. Apróbase o convenio, correspondente ao cuarto trimestre de 2017.

7.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación cultural Tempo con Xeito. Apróbase o convenio, correspondente ao cuarto trimestre de 2017.

8.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural dando conta da sinatura de diversos convenios con entidades do sector cultural. Dase conta da sinatura dos seguintes convenios:

- _Asociación Cultural Rocha Forte: 3.000 euros
- _Museo do Pobo Galego: 10.000 euros
- _Curso Música en Compostela: 3.825 euros
- _Asociación Cultural Cidade Vella: 20.000 euros
- _Casa da Troia: 3.600 euros
- _Asociación Cultural Solfa: 3.000 euros

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á autorización de cancelación de varios avais para responder das obras de construción da Escola Infantil en Fontiñas. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras relativa á aprobación do expediente de execución das obras do proxecto "Mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viarios das parroquias de Sabugueira, Figueiras e Marrozos", do Plan Complementario POS 2016; gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o proxecto e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, cun tipo de licitación de 211.274,09 euros, IVE incluído.

11.- Proposta da Alcaldía relativa á xustificación da subvención nominativa para Correlingua 2017. Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Centros Cívicos relativa á aprobación da programación e prezos públicos das actividades realizadas na rede de centros cívicos no período entre o 1 de outubro e o 31 de decembro de 2017. Apróbase a programación para o período comprendido entre o 1 de outubro e o 31 de decembro, cun gasto que ascende a 96.220,12 euros. Prevése un ingreso de 13.396,50 euros. Apróbanse os prezos públicos desas actividades.

13.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aceptación da subvención da Xunta de Galicia para actividades de información, orientación e busca de emprego 2017. Acórdase aceptar a subvención da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, por importe de 25.000 euros, para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

14.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á aprobación das bases da convocatoria de premios do concurso de ideas e procesos colaborativos para o emprego (INDEA) 2017. Apróbanse as bases da convocatoria, á que se destinan 20.000 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Económico relativa á modificación do programa COMPOSTELA MÓVESE 2017. Apróbase a proposta.

16.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á corrección de erros na solicitude de subvención para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social, e programas para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, 2017/2018. Apróbase a proposta.

17.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á modificación dos importes de bolsas de comedor escolar do CPR Ntra. Sra. de los Remedios do mes de xuño de 2016. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta de alcaldía para dar conta da concesión dunha subvención da Xunta de Galicia para o reforzo do servizo de normalización lingüística. Dase conta da concesión dunha subvención de 5.084 euros.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía para a ampliación do prazo de presentación da X Edición dos Premios Educacompostela. Acórdase ampliar o prazo de presentación dos traballos ata o 20 de outubro de 2017.

3.-Proposta de alcaldía para a contratación, por Incolsa, dos avais bancarios necesarios para presentar a solicitude de suspensión das liquidacións formuladas pola AEAT en relación coas liquidacións do IVE do exercicio 2015. Apróbase a contratación dos avais, por un importe total de 189.585,91 euros

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación dos expedientes e apertura do procedemento de adxudicación do Subministro para a mellora das instalacións de alumeadado público nos accesos á cidade de Santiago de Compostela (FASES II, III e IV). Apróbanse os expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 381.482,28 euros para a Fase II; 355.318,91 euros para a Fase III; e 294.584,01 euros para a Fase IV.

5.-Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á iniciación de procedemento e aprobación dos gastos para o desenvolvemento das actividades incluídas na campaña de sensibilización do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero. Apróbase a campaña e o gasto correspondente por importe de 55.000 euros. Desa cifra, 50.000 euros están contemplados no Programa Operativo FEDER

6.-Recoñecemento de obrigas. Apróbase a proposta